



MEMORIA DECLARACIÓN

Artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 do xaneiro, de transparencia e bo goberno.

CONVENIO ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE OZA-CESURAS PARA O FINANCIAMENTO DA ADQUISICIÓN DUN VEHÍCULO DE TRANSPORTE ADAPTADO PARA O CENTRO SOCIAL DE MAIORES DO CONCELLO DE OZA-CESURAS

O xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

DECLARA:

Que este Consorcio ten previsto formalizar co Concello de Oza-Cesuras o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a data de inicio de vixencia do convenio ata o 31 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Oza-Cesuras para o financiamento da adquisición dun vehículo de transporte adaptado o Centro Social de Maiores do Concello de Oza-Cesuras, co fin de posibilitar unha mellor atención ás persoas que precisan deste servizo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

O Concello de Oza-Cesuras, adheriuse ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar por medio de Convenio asinado o 2.6.2008, e en virtude do Decreto 83/2013, do 6 de xuño (DOG núm.108, do 7 de xuño), foi aprobada a fusión voluntaria





dos cos concellos de Oza e Cesuras e constituíuse o concello de Oza-Cesuras.

O Concello de Oza-Cesuras conta cun Centro de Social para persoas maiores, configurado como un espazo de encontro destinado a facilitar ás persoas maiores uns servizos e actividades coa finalidade de acadar, entre outros, os obxectivos de promover a convivencia dos maiores, coa finalidade de desenvolver e potenciar a integración persoal e comunitaria, fomentar a realización de actividades de promoción da saúde, da autonomía persoal e, en xeral, mellorar a súa calidade de vida e integración social, facilitando o seu acceso aos servizos e actividades, así como a súa participación, solidariedade e relación co medio social.

Co fin de facilitar o acceso ao centro ás persoas con mobilidade reducida, resulta necesario dotar a este centro dun vehículo de transporte adaptado para persoas con limitacións de mobilidade, que permita trasladar aos maiores do concello dende os seus domicilios ata ás dependencias do Centro Social de Maiores, sito no lugar de Lois, na parroquia de Oza, posibilitando así acadar un incremento das persoas maiores participantes nas actividades que se organizan no referido centro social, co fin de facelo máis sustentable e contribuír con isto ao benestar social dos veciños de Oza-Cesuras. Todo isto, co fin de prestar unha mellor atención ás persoas usuarias do Centro Social para persoas maiores do Concello de Oza-Cesuras, facilitando o seu acceso a este e posibilitando así a atención a estas persoas dentro do seu propio entorno, proporcionándolles unha atención integral adecuada ás súas necesidades.

Tendo en conta que o concello non dispón dos medios económicos necesarios para o financiamento da adquisición do devandito vehículo adaptado a persoas con mobilidade reducida co cal poder trasladar aos usuarios/as do Centro Social do Concello de Oza-Cesuras, cómpre desenvolver a colaboración interadministrativa necesaria para o financiamento desta adquisición. Considérase polo tanto idóneo o financiamento desta actuación, necesaria neste centro municipal nos termos expostos, co fin de acadar unha mellor atención ás persoas usuarias do centro prestando un servizo público de calidade a través do Centro Social do Concello de





Oza-Cesuras, para o cal é necesario unir e coordinar os esforzos e recursos de ambas as dúas administracións.

Por todo o exposto, existe un evidente interese público de colaborar no desenvolvemento da actuación descrita, considerando esta xerencia que a necesidade da adquisición dun vehículo de transporte adaptado para o Centro Social do Concello de Oza-Cesuras e o interese común de resolver a problemática do acceso ao centro, posibilitando unha mellor atención ás persoas que son usuarias deste servizo, xustifica a colaboración do Consorcio no financiamento da referida actuación, concretándose esta colaboración co Concello no convenio para tal fin.

O convenio de colaboración terá data de vixencia dende a data da súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2024, sen prexuízo de que as actuacións obxecto de financiamento do convenio sexan as executadas a partir do 1 de xaneiro de 2024. Neste sentido, a extensión da posibilidade de financiamento ao abeiro do convenio das actuacións executadas a partir do 1 de xaneiro de 2024 considérase axeitada e fundamentada legalmente, segundo o disposto no artigo 39 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que establece *"excepcionalmente poderá outorgarse eficacia retroactiva aos actos cando se diten en substitución de actos anulados, así com cando produzan efectos favorables para o interesado, sempre que os supostos de feito necesarios existiran na data á que se retrotraia a eficacia do acto e esta non lesione dereitos ou intereses lexítimos doutras persoas"*.

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar achegará ao Concello de Oza-Cesuras para a adquisición do vehículo de transporte adaptado un importe máximo de 46.800 euros, con cargo á partida 11.90.311A.760.00 dos orzamentos do Consorcio para o ano 2024.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos





contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

O xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

Perfecto Rodríguez Muíños

